

INFORME DE RESULTADOS

Enquisas de avaliación do
ITINERARIO FORMATIVO virtual
de xénero (2.^a edición)

ÍNDICE

1. Introducción

2. Datos de participación no itinerario formativo virtual en xénero

I. Persoas matriculadas nas formacións

II. Persoas que acadaron o certificado de finalización do curso

III. Persoas matriculadas fronte a persoas que remataron a formación

3. Preguntas do formulario

I. Nome do curso

II. Sexo das persoas participantes

III. Vinculación coa universidade

III. Duración das actividades formativas

IV. Avaliación da utilidade da actividade

V. Grao en que cumpriu as expectativas

VI. Valoración da estrutura do curso e da plataforma OpenEdX

VII. Grao de interese por completar a formación con conferencias en liña con persoas expertas en xénero, vídeos ou clubs de lectura de libros

VIII. Cualificación xeral do itinerario

4. Conclusións finais e respostas abertas

1. Introducción

“Ofrecer formación en temas tan importantes como la desigualdad de género coopera en la educación y creación de una sociedad más concienciada, igualitaria, con menos prejuicios y estereotipos que permitirá que la brecha, tanto en los trabajos remunerados como no remunerados, se reduzca en los años venideros”.

Comentario dunha participante do itinerario

O ITINERARIO FORMATIVO Virtual en Xénero é un recurso formativo elaborado pola Unidade de Igualdade e a Área de Formación e Innovación Educativa, as cales deseñaron un itinerario formativo conformado, inicialmente, por nove cursos formativos elaborados por varias das expertas en xénero da Universidade de Vigo, xunto con outras académicas externas á propia universidade. Esta iniciativa puido materializarse grazas ao apoio da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, quen canalizou os fondos do Pacto de estado contra a violencia de xénero para poder elaborar este itinerario.

En definitiva, o ITINERARIO FORMATIVO Virtual en Xénero naceu como unha aposta polo fomento da formación e da docencia con perspectiva de xénero no ensino superior a fin de acadar maiores cotas de excelencia académica na nosa universidade. Con iso, cumpríronse os puntos 1.1.3, 1.1.4, 1.1.9 e 1.1.15 que sinala o Pacto de estado contra a violencia de xénero, unha das ferramentas fundamentais para erradicar a violencia contra as mulleres na nosa sociedade. Por outra parte, tamén se respondeu á demanda masiva de formación en xénero dentro da nosa comunidade académica, tanto por parte do alumnado coma do profesorado e do persoal de administración e de servizos. Este feito amosa o interese das persoas que conforman a Universidade de Vigo da aposta pola excelencia e a loita por un mundo máis xusto e igualitario.

Na primeira edición deste itinerario, que se desenvolveu entre abril e xuño do ano 2020, ofertáronse seis cursos. Nesta segunda edición ofertáronse sete cursos e desenvolveuse desde maio ata xullo de 2020. Os resultados amosados neste informe son de carácter orientador, xa

que as enquisas desenvolvidas tanto na primeira coma na segunda edición foron voluntarias e se podían contestar en calquera momento da formación.

A fin última destas enquisas de satisfacción entre as persoas inscritas neste é coñecer a opinión e a avaliación do ITINERARIO FORMATIVO Virtual en Xénero en xeral, dos seus contidos, da plataforma que o aloxa e tamén da valoración de cada un dos seis cursos ofertados nesta segunda edición.

Outro obxectivo fundamental da avaliación que deseguido se presenta é detectar as necesidades formativas no eido da igualdade entre mulleres e homes dentro da nosa comunidade universitaria. Para iso, inseriuse unha pregunta onde se pedían suxestións sobre novas temáticas e cursos para desenvolver ou sobre novos recursos didácticos que se puidesen demandar. Neste senso, as valoracións das persoas que realizaron tanto a primeira coma a segunda edición do itinerario vai servir como «folla de ruta» para deseñar o futuro dos contidos e a estrutura do itinerario no futuro próximo, priorizando sempre a demanda e os intereses amosados pola comunidade universitaria e científica da nosa universidade.

A finalidade última deste itinerario é contribuír á construción dunha nova epistemoloxía social que sirva para realizar sólidas críticas ao modelo patriarcal e así pasar a un novo pacto social que altere as estruturas de poder desiguais, a fin de alcanzar unha sociedade cimentada nos alicerces da equidade e dos dereitos humanos.

2. Datos de participación no ITINERARIO FORMATIVO Virtual en Xénero.

Cómpre sinalar que aínda que nesta segunda edición o número de persoas inscritas se reduciu respecto á primeira edición e que, seguramente, parte das persoas que non acadaron a eficiencia terminal na anterior edición volveron inscribirse nesta edición, non é un óbice para afirmar de xeito concluínte que a demanda do itinerario segue a ser moi significativa, incluso entre as persoas externas á comunidade universitaria da Universidade de Vigo que frecuentemente nos reiteran o seu interese por cursar este itinerario.

O número de persoas preinscritas neste segunda edición do ITINERARIO FORMATIVO Virtual en Xénero ascendeu a 656 persoas, das que o 62 % conseguiu rematar con éxito os cursos aos que se inscribiu. Como adoita ser habitual na formación masiva, o número de matrículas non se materializa en persoas que superen as formacións. A continuación, comprobaremos que o comportamento dos cursos desenvolvidos segue esa tendencia.

I. Persoas matriculadas nas formacións

	Núm.	%
1. Introducción á perspectiva de xénero (2. ^a edición)	87	13,26 %
2. Educación afectivo-sexual (2. ^a edición)	73	11,13 %
3. Economía de xénero (2. ^a edición)	172	26,22 %
4. A sostibilidade da vida no centro (2. ^a edición)	62	9,45 %
5. O acoso e o acoso en función do sexo. Unha xustiza invisible (2. ^a edición)	65	9,91 %
6. A perspectiva de xénero na educación (2. ^a edición)	87	13,26 %
7. Normativa básica de xénero (1. ^a edición)	110	16,77 %
Total	656	100 %

II. Persoas que acadaron o certificado de finalización do curso

	Núm.	%
1. Introducción á perspectiva de xénero (2. ^a edición)	52	12,84 %
2. Educación afectivo-sexual (2. ^a edición)	53	13,09 %
3. Economía de xénero (2. ^a edición)	99	24,44 %
4. A sostibilidade da vida no centro (2. ^a edición)	39	9,63 %
5. O acoso e o acoso en función do sexo. Unha xustiza invisible (2. ^a edición)	42	10,37 %
6. A perspectiva de xénero na educación (2. ^a edición)	60	14,81 %
7. Normativa básica de xénero (1. ^a edición)	60	14,81 %
Total	405	100 %

Nesta táboa pódese observar o grao de interese polas temáticas ofertadas en cada un dos cursos ofertados nesta segunda edición. O de maior número de persoas inscritas foi o denominado Economía de xénero, seguido de xeito moi similar polo interese amosado polo resto da oferta formativa. Estas cifras deben ter unha lectura vinculada cos datos extraídos da primeira edición do itinerario; pode ser que unha parte do alumnado que na primeira edición rematou algún curso nesta segunda edición se inscribiu nos cursos que lle faltaban por completar, non tanto a existencia da disparidade na demanda de cada un deles.

III. Persoas matriculadas fronte a persoas que finalizaron a formación

Unha media do 62 % das persoas rematou a formación en que se matriculou. Este dato respecto á «eficiencia terminal» desta formación reflicte as características da formación en liña, ofertada permanentemente e gratuíta: por unha banda, o interese por formarse no ámbito dos estudos de xénero e, por outra, as dificultades de fidelizar o compromiso formativo virtual, en especial cando resulta de fácil acceso pola permanente posibilidade de cursalo e pola súa gratuidade.


	Matrícula	Certificado	%
1. Introducción á perspectiva de xénero (2. ^a edición)	87	52	59,77 %
2. Educación afectivo-sexual (2. ^a edición)	73	53	72,60 %
3. Economía de xénero (2. ^a edición)	172	99	57,56 %
4. A sostibilidade da vida no centro (2. ^a edición)	62	39	62,90 %
5. O acoso e o acoso en función do sexo. Unha xustiza invisible (2. ^a edición)	65	42	64,62 %
6. A perspectiva de xénero na educación (2. ^a edición)	87	60	68,97 %
7. Normativa básica de xénero (1. ^a edición)	110	60	54,55 %
Total	656	405	61,74 %

3. Preguntas do formulario

A continuación, preséntase a análise dos perfís sociolóxicos e das opinións das persoas que cursaron este itinerario, a fin de coñecer as características e as apreciacións do alumnado respecto á formación ofertada nesta segunda edición do ITINERARIO FORMATIVO Virtual en Xénero .

I. Nome do curso


	Núm.	%
1. Introducción á perspectiva de xénero (2. ^a edición)	113	43,30 %
2. Educación afectivo-sexual (2. ^a edición)	24	9,20 %
3. Economía de xénero (2. ^a edición)	38	14,56 %
4. A sostibilidade da vida no centro (2. ^a edición)	15	5,75 %
5. O acoso e o acoso en función do sexo. Unha xustiza invisible (2. ^a edición)	8	3,07 %
6. A perspectiva de xénero na educación (2. ^a edición)	24	9,20 %
7. Normativa básica de xénero (1. ^a edición)	39	14,94 %
Total	261	100 %



Neste gráfico pódese observar o número de persoas matriculadas en cada un dos cursos propostos nesta segunda edición do itinerario formativo. Como se pode comprobar, o curso que máis persoas matriculadas tivo foi o de **Introducción á perspectiva de xénero**. Isto debeuse a que era un curso introdutorio e que se aconsellou realizalo antes de acceder ás demais formacións de xénero. Resulta tamén significativo que os de **Economía de xénero** e **Normativa básica de xénero**, este ofertado por primeira vez nesta segunda edición, son os segundos máis concorridos. Isto amosa o interese por estes dous ámbitos de estudo referidos á economía e ao dereito con perspectiva de xénero.

II. Sexo da persoa participante

	Núm.	%
1. Muller	217	83,14 %
2. Home	41	15,71 %
3. Outro	3	1,15 %
Total	261	100 %




En xeral, na formación en xénero a maior presenza de alumnado feminino fronte ao masculino é unha constante. Tanto na primeira coma na segunda edición do itinerario obsérvase tamén esta realidade que a distribución por sexo das persoas inscritas amosa. Non obstante, estas asimetrías por sexo son menores ca noutras ofertas educativas similares e, lonxitudinalmente, pódese observar que o número de homes matriculados aumentou nesta segunda edición que acadou o 16 %, fronte á presenza de mulleres que acadou o 83,4 %. Nese senso, este dato é

unha boa nova para a igualdade polo número significativo de homes da nosa comunidade académica que optaron por formarse neste ámbito da igualdade.

III. Vinculación coa universidade

	Núm.	%
1. Alumnado	145	55,56 %
2. PDI	48	18,39 %
3. PAS	13	4,98 %
4. Outra vinculación	55	21,07 %
Total	261	100 %



Ao igual ca na primeira edición deste itinerario, o alumnado é o colectivo máis numeroso inscrito (55,8 % do total); na segunda edición tamén é o colectivo inscrito máis numeroso, o


que segue a amosar o interese das novas xeracións pola formación en xénero. O seguinte grupo máis numeroso, cun 21 %, corresponde á categoría «Outros», que se refire a persoal investigador da nosa universidade; un elemento moi positivo, pois resulta un indicador do proceso de incorporación da perspectiva de xénero nas actividades de investigación e transferencia de coñecementos na nosa universidade. Case en igual número, o colectivo PDI é o seguinte en número de persoas inscritas, que alcanza o 18 %, e supón unha garantía do paulatino e imparabile proceso de incorporación da perspectiva de xénero nos contidos do ensino superior na Universidade de Vigo e a importancia significativa para as nosas expertas e expertos da docencia con perspectiva de xénero. Finalmente, o grupo máis minoritario pertence ao persoal de administración e servizos, posiblemente froito da percepción da falta de utilidade directa no seu día a día deste tipo de formación.

Neste gráfico apréciase o grande interese por ampliar a necesidade de formación e de xénero entre as persoas que realizaron este itinerario, o que garante que seguir ampliando a oferta de novos cursos pode ser moi ben acollida pola comunidade universitaria, moi interesada en seguir afondando na inclusión da perspectiva de xénero á hora de analizar e de reflexionar sobre a realidade social actual.

III. Duración da actividade

	Núm.	%
1. Moi mal	0	0,00 %
2. Mal	0	0,00 %
3. Regular	10	3,83 %
4. Ben	112	42,91 %
5. Moi ben	139	53,26 %
Total	261	100 %


En relación coa estimación sobre a duración de cada un dos cursos do itinerario, de novo obtéñense excelentes apreciacións que indican que tanto a estrutura coma os contidos desta formación en xénero resultan moi adecuadas por parte do alumnado inscrito.



IV. Avaliación da utilidade da actividade

	Núm.	%
1. Moi mal	1	0,38 %
2. Mal	0	0,00 %
3. Regular	17	6,51 %
4. Ben	100	38,31 %
5. Moi ben	143	54,79 %
Total	261	100 %


Verbo da avaliación sobre a duración de cada un dos cursos do itinerario, de novo obtéñense excelentes apreciacións que indican que tanto a estrutura coma os contidos desta formación en xénero resultan moi adecuadas por parte do alumnado inscrito.



V. Grao en que cumpriu as expectativas

	Núm.	%
1. Moi mal	0	0,00 %
2. Mal	3	1,15 %
3. Regular	27	10,34 %
4. Ben	109	41,76 %
5. Moi ben	122	46,74 %
Total	261	100 %

Neste gráfico é destacable a ampla avaliación positiva da utilidade desta formación polas persoas que están inscritas nesta segunda edición do itinerario, con resultados moi similares á valoración obtida na primeira edición. En efecto, máis do 88,5 % cualifica cun «moi ben» ou «ben» a utilidade da formación desenvolta, o que amosa a puntuación máxima sobre os contidos do itinerario entre o seu alumnado.




VI. Valoración da estrutura do curso e da plataforma OpenEdX

a. Valoración da estrutura do curso

	Núm.	%
1. Moi mal	4	1,53 %
2. Mal	1	0,38 %
3. Regular	9	3,45 %


4. Ben	83	31,80%
5. Moi ben	164	62,84 %
Total	261	100 %



Un dos grandes activos do é a estrutura elixida á hora de organizar ITINERARIO FORMATIVO Virtual en Xénero os contidos formativos e o proceso de aprendizaxe neste modelo de aprendizaxe virtual. Como se pode observar na valoración da estrutura do curso, as persoas inscritas valoran moi positivamente o modelo de formación adoptado, tanto na primeira coma nesta segunda edición, que acada as cualificacións de «moi ben» ou «ben» polo 95 % das persoas que o valoraron.

b. Valoración da plataforma OpenEdX


	Núm.	%
1. Moi mal	3	1,15 %
2. Mal	4	1,53 %
3. Regular	8	3,07 %
4. Ben	98	37,55 %
5. Moi ben	148	56,70 %
Total	261	100 %



Nestes dous gráficos pódese observar a percepción moi positiva por parte das persoas inscritas nesta segunda edición do itinerario, tanto da estrutura adaptada por cada un dos cursos do itinerario coma pola elección da estrutura da plataforma OpenEdX para inserilos, que obtén as valoracións máximas de «moi ben» ou «ben» polo 95 % do total de persoas enquisadas. A estrutura foi deseñada en consonancia coa aprendizaxe masiva e consistiu no desenvolvemento de pímulas polimedia, contidos didácticos elaborados polo profesorado e avaliacións de contidos.

VII. Grao de interese por completar a formación con conferencias en liña con persoas expertas en xénero, vídeos ou clubs de lectura de libros

	Núm.	%
1. Non	26	9,96 %
2. Éme indiferente	44	16,86 %
3. Si	191	73,18 %
Total	261	100 %




Neste gráfico apréciase o grande interese por ampliar a necesidade de formación en xénero entre o 73 % das persoas que realizaron esta segunda edición do itinerario, polo que seguir ampliando a oferta de cursos con diferentes temáticas será ben acollido pola comunidade universitaria, moi interesada en seguir afondando na inclusión da perspectiva de xénero á hora de analizar e de reflexionar sobre a realidade social actual.

VIII. Cualificación xeral do Itinerario

	Núm.	%
4. Moi mal	14	5,36 %
5. Mal	0	0,00 %
6. Regular	15	5,75 %
7. Ben	92	35,25 %

8. Moi ben	140	53,64 %
Total	261	100 %



En definitiva, pódese concluír de xeito determinante a ampla e positiva consideración e receptividade do ITINERARIO FORMATIVO Virtual en Xénero por parte dunha ampla representación da comunidade universitaria, principalmente, entre o alumnado e o persoal investigador feminino. En efecto, o balance, tanto desde a Unidade de Igualdade coma desde a Área de Formación e Innovación Educativa, é moi positivo; por una banda, pola cantidade de persoas inscritas, que amosa o grande interese e demanda da formación en xénero, e por outra banda, polas avaliacións das persoas que remataron os cursos, pois o 95 % valora o itinerario ben ou moi ben e aínda que non son todas as persoas inscritas resulta unha mostra significativa e bastante extrapolable á maioría.

Promover a perspectiva de xénero de xeito transversal e incorporar os valores igualitarios na formación académica do alumnado é un dos obxectivos perseguidos neste itinerario, tanto na primeira coma nesta segunda edición. Nese senso, a resposta que tivo a comunidade universitaria a esta proposta formativa significa que a nosa institución está a camiñar de xeito máis firme, se cabe, pola senda da inclusión da perspectiva de xénero no coñecemento científico, o que está a incrementar a excelencia e o rigor da nosa universidade.

d. Conclusións finais e respostas abertas

En relación coas preguntas de respostas abertas deste cuestionario de valoración do itinerario, é importante subliñar as reiteradas mensaxes nas que se traslada unha valoración moi positiva respecto aos contidos e á propia estrutura do itinerario, ademais de numerosos parabéns pola aposta por ofrecer esta formación en xénero.

En xeral, resaltan a clarificación da exposición de conceptos, tanto nos vídeos coma nos textos, e a adquisición de novos coñecementos aos que xulgan como «contidos e temarios moi claros e sinxelos, de grande utilidade para a súa posterior consulta».

Respecto aos contidos de cada un dos cursos, as estimacións son en xeral excelentes e destaca algunha parte dos contidos sobre outras ou a alta capacidade pedagóxica da docente. Tamén son moitos os comentarios que amosan a súa satisfacción coa propia estrutura do itinerario: que sexa un curso en liña aberto e masivo (MOOC), que permita descargar os PDF, vídeos, test de avaliación etc.

As suxestións para mellorar a estrutura e os contidos do itinerario teñen que ver, a grandes trazos, con dúas cuestións principais: por unha banda, respecto aos contidos, nalgúns casos cuestionando a falta de afondamento nalgunha temática concreta con datos de carácter internacional e tamén máis centrados na realidade galega e, noutros casos, propondo novos cursos e novas expertas para futuras edicións. Neste senso, as persoas están a demandar o trato de temáticas como a prostitución, ciencia e xénero, muller na historia da arte, teoría

interseccional, pornografía, mercantilización do corpo das mulleres, cooperativismo e igualdade de xénero, teoría *queer*, mulleres e inmigración,



políticas públicas de igualdade, feminismo e relixión, temática LGTBI+, mulleres na literatura, cooperación ao desenvolvemento e ao xénero, medios de comunicación e xénero etc. Con respecto á suxestión de posibles expertas para impartir os novos cursos, Coral del Río, Rosa Cobo, Carme Adán, Chis Oliveira, Nuria Coronado Sopena, Marina

Marroquín, sexólogas galegas (como Ana Cardoso), persoal do Quérote+ (como Isabel Presas) etc. son nomeadas por algunhas das persoas nas súas valoracións. Neste senso, gran parte destas demandas recolleranse nos novos cursos ofertados nas vindeiras edicións deste itinerario.

Pese á abundante valoración positiva da plataforma e da estrutura dos cursos, e do itinerario en xeral, rexistráronse suxestións de carácter técnico, respecto á ampliación dos recursos didácticos, tales como fornecer o foro de debate (inactivo, na actualidade), favorecer a interacción alumnado-docente, a tradución dos cursos a diversos idiomas (galego, castelán e inglés, fundamentalmente) etc.



En xeral, as valoracións e os comentarios recibidos son moi positivos en relación coa propia oferta formativa, a calidade dos contidos, a elección das expertas docentes e a estrutura do itinerario, tal e como se reflicte no anterior gráfico, onde aparecen algúns dos comentarios extraídos do cuestionario.

Vigo, 26 de xullo de 2020